

Proposta de nome para o proxecto	Módulo/curso de comunicación eficaz na empresa
Proposta presentada na xuntanza do	30/5/12
Datos da persoa que fai a proposta	David Cobas Medín
Breve descrición	<p>Trátase de crear un módulo ou curso de formación lingüística e comunicación eficaz dirixido ao ámbito empresarial.</p> <p>A idea é que este módulo transversal ou curso se integre na formación oficial para desempregados/as, nos cursos dos sindicatos, etc. Ao igual que hai módulos transversais de igualdade ou de historia, deberíamos concederlle certa importancia á comunicación oral e escrita.</p>
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> – Poñer en valor a lingua e a palabra no ámbito empresarial. – Mellorar a capacidade lingüística e de comunicación (oral e escrita) dos traballadores/as da empresa privada cos seus clientes, compañeiros e xefes/as. – Promover unha visión positiva do galego no ámbito socio-económico, vinculándoo coa calidade comunicativa da empresa. – Etc.
Explicación da acción	<p>Varios especialistas encargaríanse de elaborar unha acción formativa destinada a fomentar a lingua galega no ámbito empresarial. Débese contar con técnicos especialistas en asesoramento e formación en comunicación escrita e oral no ámbito empresarial. Tamén se poden aproveitar materiais xa elaborados con anterioridade, que os hai, como o Módulo de galego para a formación ocupacional.</p> <p>Despois intentaríase integrar este material dentro dun curso, xa sexa monográfico ou como un módulo transversal na formación dos traballadores/as e dos desempregados/as. Para iso habería que buscar a colaboración de sindicatos, consellería de traballo, confederación de empresarios, cámaras de comercio, etc. Trátase de alcanzar un acordo entre os promotores do proxecto e os responsables destas accións formativas.</p>
A quen vai dirixida a acción?	<ul style="list-style-type: none"> – Traballadores/as da empresa privada que realicen tarefas de administración, comerciais, venta directa, teleoperadores/as, que redacten informes, etc.

Quen se propón que a promova?	<p>O proxecto debería promoverse as persoas interesadas en crear o material, impartir a docencia, etc.</p> <p>Buscaríase a colaboración das seguintes entidades:</p> <p>SXPL Confederacións de empresarios Cámaras de Comercio Asociacións de empresarios Diferentes administracións: departamentos de orientación e formación, Servizos de Emprego, Consellería de Traballo, etc. Sindicatos Etc.</p>
Necesidades materiais	<ul style="list-style-type: none"> - Elaboración de materiais - Aulas ou plataformas de teleformación -
Necesidades humanas	<ul style="list-style-type: none"> - Creadores/as de materiais didácticos - Docentes
Proposta de xestión do proxecto	<p>-</p>
Prazos previstos	<p>-</p>
Outras observacións	<p>-</p>